

ESTATUTOS DA ASOCIACION DE NAIS E PAIS DO C.P.I. "CAMIÑO DE SANTIAGO".

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, ENDEREZO, ÁMBITO.

Artigo 1º: Coa denominación, ASOCIACION DE NAIS E PAIS DO C.P.I. "CAMIÑO DE SANTIAGO" constitúese no Concello de O Pino, provincia de A Coruña, esta Asociación. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º: Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º: Son fins principais da Asociación:

- a) Asistir aos pais e nais, titores e titoras en todo aquilo que concerne á educación dos seus fillos/as e pupilo/as.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promover a participación das familias do alumnado na xestión do Centro.
- d) Asistir ás familias no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilitar a representación dos pais e nais no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimular a participación das familias do alumnado na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do Centro cos outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.
- h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado sen discriminacións por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- i) Requerir dos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, recabando a súa atención e mais as axudas que esta merece.
- l) Promover as realización de actividades formativas, culturais e mais de estudo.
- m) Promover as reunións de colaboración das familias cos profesores e as boas relacións entrambos.
- n) E todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 4º: Para o cumprimento destes fins realizaranse, loxicamente, todas aquelas actividades que sexan conformes á lei e sexan decididas polos órganos competentes. Poidendo ser de tipo formativo, cultural e mais de estudo, así como xuntanzas con todos os sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados.

Artigo 5º: Para a realización das actividades que lle son propias, a Asociación utilizará locais do Centro, para o que o Consello Escolar e mais o Director facilitarán a integración de ditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma. A efectos de utilización dos locais do Centro, ao que se refire o apartado anterior, será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro, previa aprobación polo Consello Escolar do programa de actividades.

Artigo 6º: Para o mellor cumprimento dos seus fins esta Asociación intégrase na Federación Provincial de ANPAS de A Coruña, e conxuntamente con outras ANPAS na Confederación Galega de ANPAS de Centros Públicos (CONFAPA-GALICIA), e a nivel estatal na Confederación Española de ANPAS (CEAPA).

Artigo 7º: O ámbito da Asociación é local, sendo o seu domicilio social no C.P.I. “Camiño de Santiago”, de Arca, O Pino.

CAPITULO II

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACION

Artigo 8º: A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidente/a.
- Vicepresidente/a.
- Secretario/a.
- Administrador/a – Tesoureiro/a.
- Vogal/is.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 4 anos, renovándose, a partires do terceiro ano, a metade dos membros.

Artigo 9º: A elección dos membros da Xunta Directiva pola correspondente Asemblea será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 10º: A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Artigo 11º: As vacantes que se poideran producir pola renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigas inherentes ao cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva aa que sexa celebrada a primeira xuntanza da Asemblea Xeral.

Artigo 12º: A Xunta Directiva reunirse todos os meses do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada polo Presidente/a. Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus compoñentes. Quedará válidamente constituída cando asista a metade mais un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes aos presentes. No caso de empate, o voto do Presidente/a será de calidade para deixar sen efecto o empate.

Artigo 13º: As facultades da Xunta Directiva extenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, según estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Presentar e someter á Asemblea Xeral a aprobación dos balances, contas e mais o programa anual de actividades.
- d) Resolver a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados/as para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea e sexa conforme según a lei.

Artigo 14º: O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación perante toda clase de Organismos Públicos e privados; Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordear pagos e asinar conxuntamente co/a Administrador/a-Tesoureiro/a os libramentos, cheques, etc.; recibir no nome da Asociación calquera cantidade provinte de subvencións de Entidades Públicas ou privadas; autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, e no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria e convinte, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirse tamén, en todo caso, todas as facultades que a lei establece.

Artigo 15º: O/A Vicepresidente/a será o encargado de substituír o/a Presidente/a en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións ca éste/a. O/A Presidente/a poderá delegar neste/a as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou dunconxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

Artigo 16º: O/A Secretario terá ao seu cargo a Dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos, o ficheiro dos/as Asociados/as; así mesmo custodiará a documentación da Entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación das Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais, do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.

Artigo 17º: O/A Administrador/a-Tesoureiro/a estará encargado da recadación e conservación dos fondos e bens da Asociación. Será o responsable do Libro de Caixa e asinará os libramentos de fondos xunto co/a Presidente/a; elaborará o proxecto de orzamento que a Xunta Directiva deberá presentar perante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deberán ser sometidas ante dita Asemblea.

Artigo 18º: Os/as Vogal/is terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva; poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo, así como a execución dos encargos, comisións, representación e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 19º: As vacantes que se poideran producir duante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertos provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

CAPITULO III

Artigo 20º: A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación, e estará integrada por todos os socios/as.

Artigo 21º: As Xuntanzas da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias. As ordinarias celebraranse polo menos unha vez ao ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio. Nela proporase a aprobación das contas e orzamentos, así coma o programa xeral de actuación social. Tamén nela se procederá á elección dos/as membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario; As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/a Presidente/a, cando o acorde a Xunta Directiva ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito polo menos un terzo dos asociados/as.

Artigo 22º: As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberá de mediar polo menos 15 días, podendo asimesmo facerse constar a data e hora na que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sin que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 23º: As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos asociados, e na segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados presentes.

Os acordos tomáranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 24º: Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos asociados presentes na asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas.
- b) Disposición de Enaxenación de Bens.
- c) Solicitude de Declaración de utilidade Pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV

SOCIOS

Artigo 25º: Poderán ser membros da Asociación todos os pais, nais, titores e titoras maiores de idade, dos alumnos/as do CPI “Camiño de Santiago” de Arca, O Pino.

Artigo 26º: Son dereitos dos/as asociados/as:

- a) Elixir, ser elixible para todas as funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en todas as actividades da Asociación e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio dos socios/as.
- d) Dirixir peticións e propoñer iniciativas aos Órganos de Goberno da Asociación.
- e) Recabar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a todas as reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.

g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 27º: Serán deberes dos asociados/as:

- a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e mais os acordos da Asemblea.
- b) Contribuir económicamente ao sostemento da asociación perante o pago das cotas ordinarias e extraordinarias na forma e modo que sexan establecidos na Asemblea Xeral.

Artigo 28º: Causarase baixa na Asociación:

- a) Pola petición do interesado/a.
- b) Pola baixa dos fillos/as matriculados/as no Centro.
- c) Polo impago das cotas, previo aviso da Xunta Directiva.
- d) Polo incumprimento dos estatutos.
- e) Pola utilización da Asociación con fins alleos aos específicos da mesma.

Para a exclusión de calquera socio/a polas causas do apartado d) e e) do anterior artigo, deberase abrir un expediente pola Xunta Directiva no que deberán sinalarse detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Asimesmo deberase escoitar ó/á propio/a expedientado/a, que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere convinte para a súa defensa, que se unirá ao expediente que estudará a Xunta Directiva, propoñéndose a decisión que se considere oportuna. Se esta decisión fose a expulsión, presentarase na próxima Asemblea Xeral que despois de escoitar á Xunta Directiva e mais ó/á socio/a se o solicita, tomará unha decisión que será inapelabel.

Artigo 29º: Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas dos socios/as, periódicas ou extraordinarias, que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que poideran recibir de xeito legal e que sexan aceptadas, tanto que proveñan de persoas físicas ou xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 30º: A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se constitua estará composto por todos os bens que sexan adquiridos para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

Artigo 31º: O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que sexa sinalado pola Administración Educativa para cada ano académico.

CAPÍTULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 32º: Esta Asociación poderase disolver voluntariamente cando así o decidan en Asemblea Xeral convocada a tal efecto e polo acordo dunha maioría de dous tercios dos asociados/as.

Artigo 33º: No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora que, unha vez extinguidas as débedas no caso de habelas, destinaría o sobranse líquido a aquelas entidades sen ánimo de lucro adicadas á realización de fins educativos cun espírito similar ó que anima esta asociación e que sesrá decidido na Asemblea Xeral na que se acorde a liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo aquilo que non estea previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións, e demais disposicións específicas de aplicación provintes da Comunidade Autónoma de Galicia, e do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico, según o dispón a Constitución Española.